

Uns cocineiros



especiais



Do xornal **Faro de Vigo**

Debuxante **Davila y Gogue**



INVERTEBRADOS

NA PEIXARÍA

Un título ao traballo desta semana “**Invertebrados de peixaría**”. Imos lembrar as súas características, antes de poñer esta especie animal na nosa mesa!

Ás veces, chegan ás vosas casas: luras, polbo, ameixas, mexillóns. O **tema cinco** do libro de **C. da Natureza** trata sobre os invertebrados. Aconséllоче, que despois de **repasar a unidade 5**, remates o repaso na **páxina 79 e realice as dúas actividades**.

Seguro que cando cociñes o teu prato, **comprenderás** a diversidade de especies de animais que hai e a importancia de conservalas. Ademais, distinguirás eses animalitos segundo as súas características. **Non tes que mandar os exercicios. As**

SOLUCIÓN S NA S ÚLTIMA S PÁXINA S DE STE DOCUMENTO.



As persoas e os invertebrados

A **maior parte** dos animais son **invertebrados** e, salvo excepcións, é posible encontralos en todos os recantos da Terra. Polo tanto, non é de estrañar que ao longo do tempo as persoas os utilizasen.

Imaxinas *comer unha araña, un verme ou un saltón*? Pois para moita xente na China ou en Centroamérica non é nada raro utilizar estes invertebrados como alimentos.

Nós tamén o facemos: un prato de **polbo**, unhas **luras**, uns **mexillóns** ou mesmo unhas **gambas** son unha delicia que gozamos nas nosas mellores comidas.

Pero non todo é para comer. As persoas **sacaron** moito máis **proveito** dos animais invertebrados do que seguramente imaxinas. Por exemplo: **a seda** provén da larva dun tipo de bolboreta; algúns **colorantes naturais** extráense de insectos, como a cochinilla; **o mel** e **a cera** obtéñense dos panais de abellas, que, ademais, son animais imprescindibles para a polinización de moitas plantas.

Como verás, temos moito que agradecer aos animais invertebrados!



Di a que grupo pertencen os seguintes cinco animais invertebrados que comemos habitualmente.

☉ MEXILLÓN

☉ CANGREXO

☉ POLBO

☉ LURA

☉ GAMBA



Escrebe a que grupo pertence a abella. **Explica** por que é **útil**.

3



Observa a imaxe.



• Que **animal** é?

• Que **utilidade** pode ter para as persoas?

• Marca as **características** desta esponxa.

Son os animais invertebrados máis sinxelos.

O seu corpo é xelatinoso.

Son acuáticos.

Teñen o corpo brando, alongado e sen patas.

O seu corpo ten forma de saco e está cheo de poros.



Observa a fotografía e explica por que son útiles os insectos para a polinización. Utiliza as seguintes palabras.

néctar – pole – insecto – corpo



Agora, **le** o seguinte **texto** e **comenta** cos teus país o que entendiches. **Non tes que mandar os exercicios.**



O comercio xusto é un tipo de comercio que favorece a venda de produtos procedentes dos pobos máis pobres da Terra nos mercados de todo o mundo. Desta maneira, búscase o desenvolvemento destes pobos e que poidan saír da pobreza.

Os produtos que se venden neste tipo de comercio son moi variados: alimentación, roupa, bixutería, papelería, mobles, etc.

Para desenvolver e coidar este tipo de comercio creouse a Organización Mundial do Comercio Xusto. Esta encárgase de controlar que os produtos que se venden como comercio xusto cumpran cunha serie de requisitos. Por exemplo, para que un xoguete poida estar dentro deste tipo de comercio, debe fabricarse con materiais naturais e a súa fabricación ten que ser artesanal, utilizando técnicas tradicionais do pobo que o fabrica.

Ademais, a Organización Mundial do Comercio Xusto tamén establece uns principios básicos para desenvolver este tipo de comercio, como apoiar o pequeno produtor fronte ás grandes empresas produtoras; pagar un prezo xusto ao produtor; prohibir o traballo infantil; respectar o medio natural...

A venda destes produtos realízase en tendas especializadas e en tendas online, a través da Internet. **Comprar estes produtos axuda a moitas persoas a saír da pobreza!!!!**



Non realices as cuestións que veñen a continuación. Son para **reflexionar e comentar** cos teus país.

Na **autoavaliación** comprobarás se entendiches a **importancia de mercar produtos do Comercio xusto.**



Resume de que trata o texto que liches.



Explica o significado destas palabras.



comercio



desenvolvemento.



xusto



requisito



produtor



desfavorecido

**Para que se creou este sistema de comercio?**

- Para facer chegar ao mercado produtos de pobos desfavorecidos.
- Para comprar máis barato.
- Para favorecer o pequeno produtor.
- Para facer ricos os fabricantes.
- Para loitar contra a pobreza.

**Que é para ti pagar un prezo xusto por un produto? Explica.****Relaciona.**

alimentación



blusa



roupa



pendentes



bixutería



pasta



papelería



estante



xoguetes



lapis



mobles



buxaina

**Crez que o comercio xusto é algo bo? Por que?**



AUTOAVALIACIÓN - SOLUCIÓNS

As persoas e os invertebrados

7



1. Di a que grupo pertencen os seguintes cinco animais invertebrados que comemos habitualmente.

MEXILLÓN

CANGREXO

POLBO

LURA

GAMBA

R. M. Polbo, lura, mexillón (os tres son moluscos), cangrexo e gamba (son artrópodos, concretamente crustáceos).




2. Escribe ía que grupo pertence a abella. Explica por que é útil.



Trátase de abellas, insectos voadores, que recollen o néctar das flores e fabrican o mel. Ademais, e un dos principais polinizadores da natureza.



3. Observa a imaxe e contesta as preguntas.



3.1 • Que animal é?

É unha esponxa.

3.2 • Que utilidade pode ter para as persoas?

Usámola; na ducha para estender o xabón.

3.3 • Marca as características desta esponxa.

Son os animais invertebrados máis sinxelos.

O seu corpo e xelatinoso.

Son acuáticos.

Teñen o corpo brando, alongado e sen patas.

O seu corpo ten forma de saco e está cheo de poros.



4. Observa a fotografía e explica por que son útiles os insectos para a polinización.

Utiliza as seguintes palabras.



néctar – pole – insecto – corpo

R. M. Na fotografía vese un **insecto** con **pole** nas súas patas sobre unha flor. Algúns insectos aliméntanse de **néctar** e ao facelo levan o **pole**, que se lles queda pegado polo corpo, a outras flores, e desta maneira polinizanas.



Resume de que trata o texto que liches.

R. L.



Explica o significado destas palabras.



comercio



desenvolvemento.



xusto



requisito



produtor



desfavorecido

R. M.



Comercio: intercambio de produtos e servizos a cambio de dineiro.



Xusto: que actua con xustiza.



Desenvolvemento: Acción e efecto de *desenvolver. *País dun escaso desenvolvemento económico.* SINÓNIMOS **CRECIMENTO, EXPANSIÓN**

***desenvolver.** Facer que [algo] pase dun estado a outro máis perfecto, teña maior actividade, adquira maior importancia. *Desenvolver a industria dun país. Desenvolver a intelixencia.*



Requisito: Aquilo que é necesario para un certo fin. *Para acceder a ese posto é requisito imprescindible saber idiomas.* SINÓNIMO **CONDICIÓN**



Produtor: Persoa ou empresa que organiza e financia unha obra cinematográfica, discográfica, de comercio etc. *Fixéronlle unha entrevista ao produtor da empresa do Comercio Xusto de xoguetes de Marrocos.*



Desfavorecido: Que foi privado de dereitos, vantaxes etc. *Concedéronlle axudas as persoas máis desfavorecido da poboación.*



Para que se creou este sistema de comercio?

- Para facer chegar ao mercado produtos de pobos desfavorecidos.
- Para comprar máis barato.
- Para favorecer o pequeno produtor.
- Para facer ricos os fabricantes.
- Para loitar contra a pobreza.




Que é para ti pagar un prezo xusto por un produto? Explica.

R. L.



Relaciona.



Crez que o comercio xusto é algo bo? Por que?

R. L.